



Coche
permiso de clase B



Motocicleta
permiso de clase A2

AXUDAS PARA A OBTENCIÓN DOS PERMISOS DE CONDUCIR

800.000 €

para mellorar a autonomía, mobilidade
e empregabilidade da mocidade galega



XUVENTUDE



REQUISITOS

NO MOMENTO DE PRESENTAR A SOLICITUDE

- » **Ter feitos os 18 anos** e non ter feitos 31.
- » **Estar empadroado en Galicia** cunha antigüidade mínima dun ano.
- » **Non estar traballando** por conta propia nin allea.
- » **Ter o permiso de conducir para o que se solicita esta axuda** con data de expedición entre o 1 de outubro de 2024 e a data de presentación da solicitude.

NOVO

Que a **suma dos ingresos anuais** dos membros da unidade familiar sexa **igual ou inferior a cinco veces o IPREM de 2025** (fixado en 8.400 € anuais, en 14 pagas)



Coche
permiso de
clase B

400€



NOVO

Motocicleta
permiso de
clase A2

150€



DOCUMENTACIÓN

XUNTO COA SOLICITUDE (ANEXO I), DEBERASE PRESENTAR:

- » **Autorización temporal para conducir expedida pola Dirección Xeral de Tráfico**, no caso de que o carné aínda non fose expedido.
- » **No caso de que a última variación padroal sexa inferior a 1 ano:** o certificado de empadramento histórico que acredite a antigüidade mínima esixida.
- » **Convenio especial, acordo específico para o desenvolvemento da actividade formativa ou documento análogo** que acredite a realización das prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación previstas na disposición adicional quincuaxésima segunda do Real decreto legislativo 8/2015.
- » **Certificación literal de nacemento** de cada persoa membro da unidade familiar ou libro de familia.
- » **Acreditación da relación matrimonial ou análoga á conxugal.**
- » **Anexo II:** comprobación de datos de terceiras persoas cando forme parte de unidades familiares compostas por máis dun membro.

PRAZO E FORMA



Desde o 25 de agosto ás 09.00 horas e ata o 25 de setembro de 2025 ás 20.00 horas, salvo que se esgote o crédito con anterioridade.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente a través do **formulario dispoñible na sede electrónica** da Xunta de Galicia, código de procedemento **BS321A**

